

Normas de adaptación dos procedementos de selección de PDI á Lei Orgánica do Sistema Universitario e á súa normativa de desenvolvemento

1. Mérito preferente nas convocatorias de profesorado Axudante Doutor (aprobado en Consello de Goberno, 27/04/2023):

En aplicación da Disposición transitoria terceira da Lei Orgánica¹ 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, a acreditación vixente de Profesor/a Axudante Doutor/a considerarase como un mérito preferente aos efectos do acceso a dita figura de profesorado, polo que a puntuación obtida polas persoas candidatas que aporten esta acreditación incrementarase nun 20%.

2. Conflitos de interese dos membros das Comisións de Selección (incorporado no Consello de Goberno de 24/10/2023 e modificado no Consello de Goberno de 05/06/2024):

De acordo co previsto no artigo 32.4 do RD 678/2023², de 18 de xullo, os membros dunha Comisión de selección “deberán declarar os seus posibles conflitos de interese e renunciar a formar parte da Comisión. O conflito de interese motivará a renuncia cando concorra algunha das seguintes circunstancias ao respecto dalgunha das persoas candidatas:

1. Ter sido coautor ou coautora de publicacións ou patentes nos últimos seis anos.
2. Ter mantido relación contractual ou ser membro dos equipos de investigación que participan en proxectos ou contratos de investigación xunto coa persoa candidata.
3. Ser director/a ou ter dirixido a tese doutoral, defendida nos últimos seis anos.

En todo caso os membros da Comisión deberán absterse cando concorra algunha das causas de abstención recoñecidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.”

A estes efectos, as axudas de consolidación da Xunta de Galicia (Grupos de Referencia Competitiva e Grupos con Potencial Crecemento) non teñen a consideración de proxectos de investigación e os proxectos coordinados están considerados como proxectos independentes.

3. Requisito específico nas convocatorias de profesorado (incorporado no Consello de Goberno de 24/10/2023):

De acordo co previsto no artigo 79 da Lei orgánica 2/2023, a contratación de profesorado Asociado axustarase ás seguintes regras:

¹ Lei Orgánica¹ 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU)

² RD 678/2023, de 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e a réxime dos concursos de acceso a prazas dos devanditos corpos

Código Seguro De Verificación	vesUzTiqBXTP/SyTExem9A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	07/06/2024 10:53:46
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vesUzTiqBXTP/SyTExem9A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. “O contrato poderase realizar con especialistas e profesionais de recoñecida competencia que acrediten exercer a súa actividade principal fóra do ámbito académico universitario cando existan necesidades docentes específicas relacionadas co seu ámbito profesional.” A dita actividade deberá ser unha daquelas para as que o capacite o título académico que o/a interesado/a posúa. Para ser considerado/a especialista ou profesional de recoñecida competencia deberá acreditar un período mínimo de tres anos dentro dos cinco anteriores. A posesión dos requisitos establecidos referirase en todo caso á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes de participación e deberá manterse ao longo de todo o proceso selectivo, ata a formalización do contrato e durante a súa vixencia.
2. “A finalidade do contrato será desenvolver tarefas docentes a través das que aporten os seus coñecementos e experiencia profesionais á universidade, en aquelas materias nas que esta experiencia resulte relevante. Ditas tarefas docentes non poderán incluír o desenvolvemento de funcións estruturais de xestión e coordinación. O profesorado asociado poderá desenvolver tarefas docentes ata un máximo de 120 horas lectivas por curso académico.
3. O contrato será de carácter indefinido e levará unha dedicación a tempo parcial, sen que a súa convocatoria estea suxeita á taxa de reposición de efectivos. A contratación deste profesorado non formará parte da Oferta de Emprego Público nin dos instrumentos similares de xestión das necesidades de persoal a que se refire o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
4. Será causa obxectiva de extinción do contrato a perda sobrevida de calquera dos requisitos establecidos no parágrafo a). No suposto de cese da actividade principal, a finalización do contrato producirase unha vez finalice o curso académico no que se desenvolvera a actividade docente.
5. A dedicación establecida no parágrafo b) non será de aplicación respecto do profesorado asociado cuxa praza e nomeamento correspondan ao artigo cento cinco.2 da Lei 14/1986, de 25 de abril. As peculiaridades de duración dos seus contratos regularanse polas autoridades competentes.”

4. Adaptación do perfil das prazas, a partir do 1 de xaneiro de 2024 (Incorporado no Consello de Goberno do 20/12/2023)

Art. 29.2, disp. adic. 9a e disp. trans. 2a do RD 678/2023

As prazas convocadas a concurso nas categorías de profesorado Axudante Doutor, Permanente Laboral, Titular de Universidade e Catedrático de Universidade poderán indicar unha ou máis áreas de coñecemento (ou áreas funcionais) ás que se adscriben non poderán perfilarse máis alá desta adscrición. No caso de especificar máis dunha área de coñecemento, considerarase como mérito a actividade docente, investigadora e de transferencia e intercambio de coñecemento realizada en calquera das áreas indicadas.

Código Seguro De Verificación	vesUzTiqBXTp/SyTExem9A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	07/06/2024 10:53:46
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vesUzTiqBXTp/SyTExem9A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Esta disposición poderá manterse mentres teña vixencia o réxime transitorio das áreas de coñecemento previsto na Disposición transitoria 2a do RD 678/2023.

5. Nomeamento das Comisións de selección para as categorías de profesorado Axudante Doutor, Permanente Laboral, Titular de Universidade e Catedrático de Universidade, a partir do 1 de xaneiro de 2024 (Incorporado no Consello de Goberno do 20/12/2023)

1. Xunto coa solicitude da praza o departamento propondrá a presidencia e a secretaria da Comisión de selección, tanto titulares como suplentes, con profesorado da/s área/s de coñecemento á/s que se adscribe a praza, de igual ou superior categoría, ben da UDC ou externos á UDC. Propondrá ademais unha listaxe igualmente cualificada de 16 persoas, externas á UDC, para proceder ao sorteo de 3 vogais titulares e os seus suplentes. Nas prazas de ámbito laboral, a Comisión completárase cun representante dos traballadores, con voz pero sen voto.
2. A listaxe de 16 persoas será paritaria, con 8 persoas de cada xénero, e estará constituída por profesorado da/s área/s de coñecemento á/s que se adscribe a praza. Poderá incorporar profesorado da UE ou investigadores das OPIs con capacidade para actuar nas comisións. De existir causa obxectiva xustificada, estas condicións poderán ser excepciónadas; en particular, poderá incorporar membros de áreas afíns de forma minoritaria.
3. Antes de someter a aprobación da praza por parte do Consello de Goberno, o Servizo do PDI realizará un sorteo público, único para todas as prazas da mesma convocatoria, que ordene de 1 a 16 as persoas propostas, para establecer a Comisión titular, a suplente e a cobertura de posibles renuncias, garantindo sempre a composición de comisións paritarias. O resultado do sorteo publicárase na Sede electrónica da UDC.
4. Durante o prazo de reclamacións da relación provisional de candidaturas, os membros da Comisión, tanto titulares como suplentes, serán requiridos para declarar formalmente que non incorren nos supostos de conflito de interese do Art. 32.4 do RD 678/2023, de 18 de xullo.
5. As renuncias cubriranse seguindo a orde establecida polo sorteo e mantendo o criterio de paridade. Caso de esgotar a listaxe, solicitarase do departamento unha nova proposta para realizar un novo sorteo.
6. O tribunal definitivo publicárase xunto coa relación definitiva de candidaturas admitidas e excluídas.

Código Seguro De Verificación	vesUzTiqBXTp/SyTExem9A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	07/06/2024 10:53:46
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vesUzTiqBXTp/SyTExem9A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



6. Adaptación dos criterios de valoración dos méritos para as categorías de profesorado Axudante Doutor, Permanente Laboral, Titular de Universidade e Catedrático de Universidade, a partir do 1 de xaneiro de 2024 (Incorporado no Consello de Goberno do 20/12/2023)

Art. 71.1.a da LOSU e art. 33.1 do RD 678/2023

De acordo co Art. 71.1.a da LOSU, "a experiencia docente e a experiencia investigadora, incluíndo a de transferencia e intercambio de coñecemento, terán unha consideración análoga no conxunto dos criterios de valoración dos méritos a considerar polas universidades", que "poderán establecer na convocatoria outros méritos a valorar".

Polo tanto:

1. No baremo a utilizar nas prazas de profesor/a Axudante Doutor deberá igualarse o peso do bloque III. *Experiencia docente* coa suma dos pesos dos bloques IV. *Producción investigadora* e V. *Experiencia Investigadora*:

Criterio	Ata o 31/12/2023	A partir do 1/1/2024
III. Experiencia docente	35,00%	32,50%
IV. Producción investigadora	15,00%	16,25%
V. Experiencia investigadora	15,00%	16,25%

2. Na publicación dos criterios de valoración dos méritos nas prazas de Profesor/a Permanente Laboral deberá reflexarse que a experiencia docente e a experiencia investigadora terán unha consideración análoga.
3. No baremo para a valoración de méritos nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios deberá igualarse o peso das categorías de méritos 2. *Traxectoria de investigación* e 3. *Actividade docente universitaria e innovación pedagóxica*:

Criterio	Ata o 31/12/2023	A partir do 1/1/2024
2. Traxectoria de investigación	entre o 40% e o 50%	entre o 35% e o 45%
3. Actividade docente universitaria e innovación pedagóxica	entre o 30% e o 40%	

No caso de prazas vinculadas a prazas asistenciais de institucións sanitarias estas mesmas categorías de méritos pasarán a estar entre o 30% e o 40%.

Código Seguro De Verificación	vesUzTiqBXTp/SyTExem9A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	07/06/2024 10:53:46
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vesUzTiqBXTp/SyTExem9A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



7. Concursos de prazas de Profesor/a Permanente Laboral (incorporado no Consello de Goberno de 05/06/2024)

A celebración dos concursos das prazas de Profesor/a Permanente Laboral rexeráse pola *Normativa pola que se regula o procedemento de selección de profesorado contratado doutor para a UDC (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014)*

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/profesorado/seleccióncontrdoutor.pdf_2063069239.pdf].

O proxecto docente ao que se refire o punto 8.2.b será o dunha materia de formación básica ou obrigatoria das adscritas á/s área/s de coñecemento pola/s que se convoque a praza.

O programa a que se refire o punto 8.10 será o presentado pola persoa candidata no citado proxecto docente.

Código Seguro De Verificación	vesUzTiqBXTp/SyTExem9A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	07/06/2024 10:53:46
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vesUzTiqBXTp/SyTExem9A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

